


Texto e ilustracións: **DANIELA KULOT**  
Tradución: **MARC TAEGER** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartoné  
32 páxinas en color. 23x30 cm.  
Dispoñible en:

-Galego: "Unha casa a medida".  
ISBN 978-84-935122-9-3  
-Castelán: "Una casa a medida".  
ISBN 978-84-935804-0-7

Prezo: 15 €



## UNHA CASA A MEDIDA

**Esta é Xirafa. Xirafa é moi alta.  
Este é Crocodilo. Crocodilo é moi baixiño.  
Entre eles hai moita diferenza: máis de dous metros.  
Pero, a pesar disto, son parella:  
unha parella de namorados.**

- **Temática:** o amor e a parella
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** a aceptación das diferenzas, a tolerancia e a convivencia, o respecto aos demais, a superación das dificultades, os sentimentos

Os protagonistas deste relato son unha atípica parella de namorados que vencen -a base de enxeño e un chisco de humor- as dificultades que lles plantexa a convivencia. Porque as trabas que poden supoñer uns cantos centímetros de diferenza de estatura entre ámbolos dous son amplamente superables coa forza do cariño. Unha das primeiras probas que han de superar é atopar unha casa para os dous, cómoda para as súas respectivas necesidades. A solución, deseñala a medida...

Tras "Crocodilo namorado", FAKTORÍA K presenta este segundo título dunha serie de álbums protagonizados polos personaxes de Crocodilo e Xirafa. Outros traballos da mesma autora e ilustradora que forman parte do catálogo de FAKTORÍA K son "Leopoldo e Casilda", "Que leria de cordóns" e "Co dedo no nariz", todos eles dispoñibles en galego e castelán.

A obra de Daniela Kulot ten unha grande aceptación entre o público infantil por aspectos tan importantes como a elección dos personaxes, case sempre identificados con animais humanizados; a variedade cromática das súas ilustracións e os temas que expón nos seus libros: historias baixo as que subxacen mensaxes de moita utilidade para a aprendizaxe e a formación en valores dos lectores. Así, nesta fábula moderna, a moralexa fala tamén de tolerancia, respecto aos demais e aceptación das diferenzas.

### DANIELA KULOT (Schongau, 1966)

Os pinceis e os lápices forman parte da vida desta autora e ilustradora dende a nenez. En 1988 iniciou os seus estudos de educación artística e alemán na Universidade de Augsburg, aos que seguiron outros cursos en materia de deseño gráfico e ilustración. A partir de 1993 comezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora 'free-lance'. Completou a súa preparación na Escola de Belas Artes de Munich.

Empezou a visitar feiras internacionais de literatura infantil, como a de Bolonia (Italia), e a súa primeira oportunidade chegou a través da editorial alemá Thienemann. Títulos como "Co dedo no nariz" foi un dos seus grandes éxitos de vendas e traducíuse a máis dunha ducia de idiomas.

En 1999 comezou a dar clases de debuxo na Escola Profesional de Augsburg. A súa obra tamén se espuxo na Bienal Internacional de Bratislava (1997), no museo da cidade de Günzburg (2001) e na Feira de Arte de Nagama, en Xapón (2002), entre outras mostras.